



BASES SORTEO DO PREMIO DUNHA VIAXE DENTRO DA CAMPAÑA DE NADAL 2018

OBXECTO DO SORTEO:

O Concello de Carballo, dentro do programa de dinamización e promoción da actividade económica local "Semecachadescóntovos", que se desenvolve durante a época de Nadal, organiza o sorteo dunha viaxe para dúas persoas a Praga, co obxecto de estimular o papel dinamizador e revitalizador que ten o comercio local entre a poboación.

Trátase de fomentar o consumo local no comercio de proximidade, contribuíndo a diferenciarlo dos seus principais competidores, con actividades de dinamización que buscan ofrecer ao cliente unha atención personalizada, premiando a súa fidelidade.

PREMIO:

O premio consistirá nunha **viaxe para dúas persoas a Praga** e incluírá os billetes de avión, traslados do aeroporto-hotel-aeroporto e estancia de 5 noites en hotel de 3 estrelas en réxime de aloxamento e almorzo.

PARTICIPACIÓN:

- Entregarase **un boleto a cada cliente que colecciona 6 tarxetas seladas por 6 establecementos distintos do programa "Semecachadescóntovos"** e as entregue no Museo de Bergantiños entre o 15 de decembro de 2018 e o 10 de xaneiro de 2019.
- As tarxetas deben vir seladas polos establecementos comerciais onde se fixera a correspondente compra.
- Os boletos serán introducidos nunha urna por parte do cliente unha vez teña cubertos os seus datos.
- Non poderán participar os propietarios dos establecementos comerciais participantes no programa "Semecachadescóntovos".

SORTEO:

- O sorteo realizarase o día **11 de xaneiro ás 12.00 h**, no Museo de Bergantiños. O sorteo, no que estará presente o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, farase de forma pública mediante a extracción manual de un boleto premiado e dous boletos de reserva.
- O resultado do sorteo publicarase nas redes sociais e na web do Concello de Carballo.
- O prazo límite para desfrutar do premio é ata o día 30 de xuño de 2019.
- Os datos *de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); contacto: lopdc@carballo.gal*. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.
- A participación no sorteo implica a aceptación destas bases.



Oficina de Promoción Económica e Emprego

